

DECRETO

Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo,

Instruído expediente relativo a:

ASUNTO: APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA -AMTEGA- E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS -FEGAMP-, PARA A POSTA EN MARCHA DE ACTUACIÓN ENCAMIÑADAS A MELLORAR A COBERTURA DE COMUNICACIÓN MÓBILES NO RURAL DE GALICIA, COFINANCIADAS PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

Antecedentes de feito:

1.- Convenio de referencia asinado entre a AMTEGA e a FEGAMP o obxecto do cal é establecer o marco de colaboración para a realización dunha serie de actuacións, especificadas na súa cláusula 2ª para mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia. A Cláusula 15ª establece que poderanse adherir ao convenio as entidades locais de Galicia previa presentación de proposta das zonas nas que podería ser precisa unha mellora na cobertura de comunicacións móbiles (poboacións rurais con problemas para realizar comunicacións de voz empregando a telefonía móbil), para a súa determinación pola AMTEGA.

Ao convenio acompaña o Anexo I, en modelo normalizado, de solicitude de adhesión por parte das Entidades Locais, onde se adquire o compromiso de formalizala mediante a sinatura da correspondente addenda ao devandito convenio marco de colaboración.

2.- Providencia con data do 17/01/2020 da Sección de Fomento ao Servizo de Medio Rural, de requirimento de informe de viabilidade e oportunidade da adhesión do Concello de Lugo ao convenio marco de colaboración referido.

3.- Informe favorable do Enxeñeiro Técnico municipal adscrito ao Servizo de Medio Rural, D. Marcos López Fernández, do 12 de febreiro de 2020, coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado de medio Rural e Deportes, do seguinte teor:

"En relación con el asunto de referencia se informa que, ante la posibilidad de adhesión al citado Convenio, y teniendo conocimiento de las carencias existentes en el territorio municipal (zona rural) del Concello de Lugo, transmitidas por los vecinos de distintas parroquias, se ha considerado de mayor interés la solicitud de adhesión, en cuanto que mejoraría la calidad de vida de los habitantes afectados en todos los aspectos -socio-sanitarias, explotaciones agropecuarias, uso turístico, fijación de población- además de contribuir a evitar el abandono de explotaciones y

SERVIZO DE FOMENTO

CGG/mjl

Refª: ispac5412307203852366985.doc

Asunto: decreto

aumentar la probabilidad de implantación de nuevas actividades que necesitan irremediablemente disponer de comunicación móvil.

El Convenio Marco entre las partes : AMTEGA y FEGAMP – con una duración de cuatro años, prorrogable otros cuatro años - contempla en la CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA la adhesión de entidades locales.

El Convenio Marco se desarrollaría mediante adendas - se adjunta la Adenda I (anexo II)- donde:

La citada adhesión al Convenio Marco permitiría la implantación de nuevas infraestructuras de telefonía móvil que darían cobertura a núcleos rurales que en la actualidad no disponen de ese servicio, mediante la instalación de torres y equipos en lugares que por situación y cota se consideran óptimos para ese fin.

Las obligaciones de la entidad local que contempla la adenda se concretan en dos aspectos:

1.- (CLAÚSULA DÉCIMO QUINTA DEL CONVENIO): Constatar la existencia de zonas identificadas con ese déficit de cobertura.

-Identificación de los núcleos – Entidades Singulares de Población (ESP-INE) que no están cubiertos por ninguno de los tres operadores (En España – Movistar, Vodafone y Orange), de acuerdo con el documento anexo remitido por la FEGAMP.

2.- Ofrecimiento y disponibilidad de parcelas adecuadas para la ejecución de las infraestructuras de soporte a las redes de comunicación móvil precisas - superficie 10 m2.

3.- Cesión de dichas parcelas a la AMTEGA - a coste cero- por un período mínimo de 15 años.

4.- Dotar a dichas parcelas de conexión a la red eléctrica, incluso con la ejecución de la acometida eléctrica si fuera preciso, hasta un máximo de 6,9 KW (esta actuación es subvencionable hasta un máximo de 30.000 € por acometida (CLÁUSULA CUARTA DEL CONVENIO)).

5.-Garantizar la disponibilidad de acceso a las parcelas para instalación, mantenimiento y explotación de las estructuras señaladas.

6.- Facilitar los permisos de ejecución de las infraestructuras.

7.- Colaborar en el financiamiento de las actuaciones derivadas.

Para considerar la solicitud de adhesión, en primer lugar, y desde la Concellería de Medio Rural e Deportes, se ha dispuesto la contratación de un estudio técnico para estimar la cobertura de lugares habitados (ESP) , en los términos señalados en documento remitido por la FEGAMP; e identificar los que no tienen cobertura, todo ello acompañado de valores de medida, y certificación técnica visada por el Colegio Oficial de Ingenieros de Telecomunicaciones (COIT); además de identificar las parcelas susceptibles para la instalación de infraestructuras.

De este estudio, en su fase inicial, se ha corroborado la zona suroeste del municipio como la de mayor déficit, y se ha determinado un punto en la parroquia de Poutomillos como óptimo para la infraestructura.

El citado punto situado en una parcela de la concentración parcelaria de Poutomillos, de antigua titularidad municipal, y en la actualidad de la AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER), de la Consellería de Medio Rural de la Xunta de Galicia.

La citada parcela está dotada de conexión a la red eléctrica, mediante tendido aéreo sobre postes de hormigón, con cuadro en servicio, de propiedad municipal, por lo que no sería necesaria la dotación presupuestaria para ello. El ingeniero técnico industrial municipal del servicio infraestructuras, ha examinado la instalación comprobando su aptitud para la instalación prevista.

Se ha trasladado a AGADER, la necesidad y el objeto de la actuación, con el fin de que nos indique los trámites necesarios para que la AMTEGA pudiera disponer de ellos.

Sería necesario en todo caso la limpieza y desbroce del acceso a dicho punto (senda forestal).

Tras una visita de inspección a la parcela por parte de personal de la brigada de Medio Rural a instancias del Concelleiro, se comprueba que esta limpieza de los accesos puede ser realizada con medios propios (maquinaria y personal) de la brigada, sin que ello suponga coste adicional alguno para el Concello.

Por todo lo expuesto, se propone tramitar la solicitud de adhesión al Convenio Marco, según los términos del mismo y condicionantes de la Adenda (única), sin que ello suponga gasto alguno para este Concello, por considerar las necesidades de los vecinos, la carencia del servicio citado y la oportunidad de mejorar, y en varias zonas de dotar del necesario e imprescindible servicio de comunicaciones móviles. Hay que resaltar que con medios propios difícilmente se podrían asumir los susodichos servicios, según la normativa vigente y las competencias municipales.

SERVIZO DE FOMENTO

CGG/mjl

Refª: ispac5412307203852366985.doc

Asunto: decreto

También hay que reseñar que los citados emplazamientos, en un futuro inmediato podrán soportar otros sistemas relacionados (LT, 5G) para acceso de los usuarios a internet de alta calidad, entre otras prestaciones."

4.- Con data 14 de febreiro de 2020, (número 3965 no Rexistro Xeral de Saída) se remite á FEGAMP proposta de adhesión ao convenio de referencia á vista de que o Concello pode asumir os compromisos necesarios e suficientes para elo, por mor de estar próxima a data de remate do prazo para a súa presentación (15 de febreiro de 2020). Igualmente nesa data se remite escrito á Subdirección de Mobilidade de Terras da AGADER (número 3966 no Rexistro Xeral de Saída), solicitando a cesión ou outra fórmula que considere oportuna, da superficie indicada á AMTEGA.

5.- Informe xurídico-proposta emitido, con data 3 de marzo de 2020, emitido dende a antiga sección de Fomento pertencente ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento e asinado pola Xefa de Sección de Fomento, de conformidade coa proposta de convenio por ser axustada á regulamentación específica, pendente de continuarse a súa tramitación motivado na situación de pandemia sanitaria, dándose prioridade a tramitación de outros expedientes e tendo en conta que con data 14 de febreiro de 2020, (número 3965 no Rexistro Xeral de Saída) se remite á FEGAMP proposta de adhesión ao convenio de referencia asinada pola Excm. Alcaldesa o 14 e febreiro de 2020.

6.- Proba de que dita adhesión se fixo efectiva, con data 20-11-2020 dende AMTEGA infórmase do estado actual das tarefas no marco de dito convenio de colaboración.

7.- Informe Proposta do Servizo de Fomento, de data 13 de xullo de 2021, obrante no expediente e de conformidade coa tramitación do expediente.

8.- Informe de Asesoría Xurídica, de data 14 de xullo de 2021, de conformidade co texto do convenio e co Informe-proposta antedito e emitido polo Servizo de Fomento .

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)

- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. O artigo 2 da Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime Local establece: "Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos Municipios, ás Provincias e ás Islas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estricta suxeición á normativa de estabilidade presupostaría e sostenibilidade financeira."

SEGUNDA. O artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, establece que a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

TERCEIRA. O artigo 140.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala que as relacións entre a Administración Xeral do Estado ou as Administracións das Comunidades Autónomas coas Entidades que integran a Administración Local, rexeranse pola lexislación básica en materia de Réxime Local.

CUARTA. Por outra banda, o artigo 86 da Lei 39/5215 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, determina que "As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción, e teñan por obxecto satisfacer o interese público que ten encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevea a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou insertarse neles con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin".

QUINTA. Así mesmo, o artigo 57 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, poderase desenvolver, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban.

SERVIZO DE FOMENTO

CGG/mjl

Refª: ispac5412307203852366985.doc

Asunto: decreto

SEXTA. De igual xeito, o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concerta-los contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprí-los a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas entidades.

SÉTIMA. Consonte a definición e tipos de convenios, o artigo 47.2.a) da devandita Lei 40/2015, considera que Estamos ante un “*Convenio interadministrativo firmado entre dos o más Administracions Públicas.....*”

Do mesmo xeito en canto ó contido dos convenios o artigo 49 da devandita Lei, pronúnciase sobre os convenios aos que se refire o apartado 1 do artigo anterior (*Artigo 48.1: As administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas o dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que elo poda supoñer cesión da titularidade da competencia*), deberán incluír, ao menos, as seguintes materias:

a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes dela ou das Universidades públicas.

c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.

d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao presuposto correspondente de acordo co previsto na lexislación presupostaria.

e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.

f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos firmantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que podan plantexarse respecto dos convenios.

g) O réxime de modificación do convenio. A falla de regulación expresa a modificación o contido do convenio requirirá acordo unánime dos firmantes.

h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:

1º. Os convenios deberán de ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior.

2º. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os firmantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais a súa extinción.". Por todo elo enténdese que o convenio obxecto da tramitación de súa adhesión por parte do Concello, contén as materias referidas.

OITAVA. Así mesmo, é de destacar que a adhesión ao convenio de colaboración asinado, non lle é de aplicación a lexislación de contratos das Administracións Públicas, á vista do disposto no artigo 6.1.b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, onde se establece que *"Están excluídos do ámbito da presente Lei os convenios cuxo contido non esté comprendido entre os contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeneral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servicios Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta y Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador"*. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións:

"...(...) ..b) Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servicios públicos que lles incumben se prestan de xeito que se logren os obxectivos que teñen en común".

Non se está a tratar do pagamento dunha cantidade económica por unha contraprestación, senón que o obxecto da adhesión ao convenio asinado entre a AMTEGA e a FEGAMP, como xa se apuntou nun principio é, determinar as condicións nas que a Axencia da Xunta de Galicia AMTEGA en colaboración coa FEGAMP facilitará ós municipios que estén interesados, como é o Concello de Lugo, a dotación de cobertura móbil nas zonas do rural a través da execución de infraestructuras de soporte ás redes móbiles e a instalación do equipamento necesario, segundo a cláusula 2ª do convenio.

No informe do Sr. Enxeñeiro Técnico de Medio Rural indícase as obrigas xerais que o Concello adquire coa adhesión ao convenio, poñendo de manifesto que o punto óptimo para instalar a infraestrutura necesaria e dar cobertura á zona sur-oeste do municipio de maior déficit, conforme os criterios sinalados, encóntrase na parroquia de Poutomillos, sendo este punto antes de titularidade municipal e na actualidade da AGADER, da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, que posúe a infraestrutura necesaria para a instalación prevista. Por todo elo indícase no devandito informe da Concellería de Medio Rural e Deportes, instouse á AGADER a poñer a disposición da AMTEGA o devandito punto de instalación de infraestructuras, comprometéndose o Concello a proceder á súa limpeza con medios propios. Igualmente no informe indícase que a adhesión ao convenio de continua referencia non supoñe custo algún para o Concello.

NOVENA. Os concellos son entidades locais básicas con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, segundo o artigo 11 da referida Lei 7/1985. Igualmente no artigo 25.1 establécese que os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, en todo caso exercerá competencias propias, entre outras “...ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións”, polo que a materia obxecto do presente convenio é de competencia municipal. O órgano competente para a súa aprobación, é o Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cohesión Territorial, competencia que lle outorgada polo Decreto número 2.973/2021, de data 16/04/2021.

Por todo o anteriormente exposto, no uso das atribucións que me son conferidas veño en **DECRETAR:**

PRIMEIRO.- Aproba-la adhesión ao Convenio subscrito entre a AGADER da Xunta de Galicia, e a FEGAMP así como os seus Anexos I e II, todo o cal son do seguinte teor literal:

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A POSTA EN MARCHA DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS A MELLORAR A COBERTURA DE COMUNICACIÓNS MÓBILES NO RURAL DE GALICIA, COFINANCIADAS PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. M^a del Mar Pereira Álvarez, directora da **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia** (de aquí en adiante AMTEGA), con NIF nº Q1500382E, actuando en nome e representación de dita Axencia, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aprobanos seus estatutos.

E doutra parte, D. Alberto Varela Paz, na súa condición de Presidente da **Federación Galega de Municipios e Provincias**(de aquí en diante FEGAMP), con NIF nº V15160963, actuando en nome e representación daquela, segundo prevén os seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que paraconvir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

I. Que a AMTEGA é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 252/2011, do 15 de decembro,

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBXECTO.

O presente convenio marco ten por obxecto establecer o marco de colaboración para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia.

SEGUNDA.-ACTUACIÓNS A REALIZAR

Para acadar o obxecto antes descrito resultará preciso levar a cabo a execución de infraestruturas de soporte ás redes móbiles así como a instalación do equipamento preciso para dotar de cobertura móbil as zonas de actuación. Para estes efectos, mediante adendas ao presente convenio marco, estableceranse as concretas actuacións a realizar para a consecución do seu obxecto, así como os créditos destinados a financiaras e que poderán consistir, entre outras, na execución pola Amtega, por siou a través dunha entidade instrumental do sector público autonómico, de infraestruturas públicas de soporte ás redes de comunicacións móbiles ou nunha convocatoria de axudas a operadores de telecomunicacións os cales deberán presentar as súas propostas de cobertura para as zonas de actuación e que serán seleccionadas a través dun procedemento de concorrencia competitiva.

TERCEIRA.-COMPROMISOS COMÚNS DAS PARTES

- Levar a cabo as actuacións precisas para a consecución dos obxectivos acordados no presente convenio marco.

Asignar os medios humanos e materiais suficientes para levar a cabo as actuacións que se establezan no marco do presente convenio marco.

- Cumprir, de conformidade coas funcións que asume cada parte en virtude do presente convenio, coas obrigas que, de ser o caso, determine a Consellería do Medio Rural, en atención á tipoloxía de fondos que financien as actuacións que, en desenvolvemento deste convenio, poidan acordarse.

CUARTA.-COMPROMISOS DA AMTEGA

-Levar a cabo as tarefas precisas para determinar as zonas nas que é precisa unha actuación de mellora de cobertura (poboacións rurais con problemas para realizar

SERVIZO DE FOMENTO

CGG/mjl

Refª: ispac5412307203852366985.doc

Asunto: decreto

comunicacións de voz empregando a telefonía móbil) de conformidade con criterios tales como a poboación beneficiada, investimento preciso, cobertura de puntos de interese socio-económico como servizos públicos, zonas de interese turístico, etc. Estes criterios serán ponderados nos actos administrativos que se leven a cabo para acadar os obxectivos do presente convenio.

-Definir, mediante as adendas previstas na cláusula décima, as actuacións de mellora de cobertura que resulte preciso realizar en desenvolvemento deste convenio, de conformidade co disposto na cláusula segunda.

-Validar, directamente ou a través dunha entidade instrumental do sector público autonómico, a viabilidade das parcelas identificadas polos concellos que soliciten adherirse ao presente convenio, así como da súa correspondente acometida eléctrica, para a instalación de infraestruturas de telecomunicación que permitan mellorar a cobertura nas zonas identificadas.

-Establecer, mediante adenda ao presente convenio, o procedemento para a execución das acometidas eléctricas ás infraestruturas públicas de soporte ás redes de comunicacións móbiles, que poderá consistir nunha contratación centralizada á que se adherirán as entidades locais que o soliciten.

-Con respecto ás entidades locais nas que se leve a cabo algún proxecto de mellora de cobertura móbil ao abeiro do presente convenio, financiar a execución das acometidas eléctricas ás infraestruturas públicas de soporte ás redes de comunicacións móbiles. Este financiamento, xunto co procedemento administrativo de concesión que resulte procedente, establecerase mediante adenda ao presente convenio marco, sen que en ningún caso poida exceder dos 30.000 € por acometida nin superar o importe de execución da mesma. A estes efectos, a FEGAMP poderá actuar como entidade colaboradora, coa finalidade de que proceda ao seu abono ás entidades locais, conforme ás condicións que mediante adenda ao presente convenio marco poidan establecerse.

QUINTA,-COMPROMISOS DA FEGAMP

- Promocionar o obxectivo deste convenio entre as entidades locais para conseguir a maior participación destas, nas tarefas a desenvolver no marco do mesmo.

- Informar a todas as entidades locais da presente iniciativa, das condicións do convenio con indicación das obrigas a asumir e recadar as solicitudes de adhesión ao presente convenio mediante a firma do anexo I en cumprimento do establecido na cláusula décimo quinta.

- Actuar como entidade colaboradora en aquelas actuacións e conforme as condicións que mediante adenda ao presente convenio marco poidan establecerse.

SEXTA.-FINANCIAMENTO

Sen prexuízo do que poida establecerse mediante as adendas previstas na cláusula décima, o presente convenio marco non comporta obrigas económicas actuais para as partes asinantes.

SÉTIMA.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das actividades que se realicen no marco do presente convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento integrada por tres membros:

Por parte da AMTEGA formarán parte da Comisión de Seguimento a directora da AMTEGA, ou persoa en quen delegue, que exercerá como Presidenta da Comisión de Seguimento. Tamén formará parte da Comisión a Directora da Área de Sociedade Dixital, ou persoa que a substitúa.

Por parte da FEGAMP, formará parte da Comisión de Seguimento o Presidente da FEGAMP, ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario da Comisión un dos membros da mesma.

A Comisión de Seguimento se reunirá, polo menos, unha vez ao ano, así como cando o solicite unha das partes.

A Comisión de Seguimento resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que deriven do convenio, poderá propoñer melloras e modificar as actuacións previstas, tras o consentimento das partes e sempre que non supoñan unha alteración substancial do obxecto deste convenio. Calquera modificación que se acorde neste sentido deberá reflectirse por escrito nunha Addenda que se someterá á sinatura dos seus membros.

OITAVA.-DURACIÓN DO CONVENIO E PRÓRROGA

A duración do presente convenio será de catro (4) anos a contar dende a data da súa sinatura, sen prexuízo de que nun prazo de trinta (30) días antes da súa finalización se acorde a súa prórroga por períodos sucesivos dun (1) ano ata un máximo de 4 anos adicionais ao da súa extinción.

NOVENA.-EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

O presente Convenio resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, e en particular cando conorra calquera das seguintes causas:

- Transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- Incumprimento dos compromisos asumidos polas partes.
- Mutuo acordo das partes asinantes.
- Calquera outras causas de resolución previstas no convenio ou noutras leis.

DÉCIMA.-MODIFICACIÓN DE ADENDAS

SERVIZO DE FOMENTO

CGG/mjl

Refª: ispac5412307203852366985.doc

Asunto: decreto

Este convenio será obxecto de desenvolvemento mediante adendas ao mesmo nas que se concretarán as actuacións a realizar, así como os créditos necesarios para o seu financiamento.

En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO PRIMEIRA .-INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de tal modo que non se poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos que teñan lugar durante o desenvolvemento do citado convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.-NATUREZA DO CONVENIO E NORMATIVA APLICABLE

O presente Convenio ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público e das leis de subvencións autonómica e estatal, se ben observaranse os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

O presente Convenio rexeráse por as súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do Dereito Administrativo.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71) e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes, durante o desenvolvemento e y execución do presente Convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión prevista na cláusula sétima, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En atención á tipoloxía dos fondos que financien as actuacións do convenio, resultarán, de sero caso de aplicación:

-Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello.

-Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

-Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) n.º352/78, (CE) n.º 165/94, (Ce) núm. 2799/98, (CE) núm. 814/2000, (CE) núm. 1290/2005 e (CE) núm. 485/2008 do Consello

-Regulamento de execución (UE) núm. 808/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento e do Consello, relativo á axuda de desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

-Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

DÉCIMO TERCEIRA.-PUBLICIDADE

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que seregulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación íntegra e publicidade na páxina web de cada unha das partes asinantes, con expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Neste sentido, as partes asinantes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade esixida.

Asemade en materia de fondos FEADER, as obrigas en materia de publicidade veñen recollidas no punto 2 da parte 1 do anexo III do Regulamento de Execución (UE) núm. 808/2014, da Comisión do 17 de xullo e co disposto na "Estratexia de información e publicidade" do PDR 2014_2020 de Galicia. En todas as actividades de información e comunicación que se desenvolvan, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do FEADER mostrando:

a) O emblema da Unión.

SERVIZO DE FOMENTO

CGG/mjl

Refª: ispac5412307203852366985.doc

Asunto: decreto

b) Unha referencia á axuda do FEADER.

Durante a realización da operación, o beneficiario informará ao público da axuda obtida do FEADER, da seguinte forma:

a) Presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, no caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web, e a axuda prestada pola operación, en proporción ao nivel de axuda cos seus obxectivos e resultados e destacando a axuda financeira da Unión.

b) No caso de operacións non comprendidas no punto c –do regulamento antedito - (obras de infraestruturas ou construción que se beneficien dunha axuda pública total de importe superior a 500.000 euros), atenderase as seguintes obrigas: As operacións que reciban unha axuda pública total superior a 10.000 euros, en función da operación financiada colocarán polo menos un panel coa información acerca da operación (de tamaño mínimo A3), onde se destaque a axuda financeira recibida pola Unión, nun lugar visible para o público. Cando a operación no marco dun PDR dea lugar a unha inversión, que reciba unha axuda pública total superior a 50.000, o beneficiario colocará unha placa explicativa coa información sobre o proxecto, na que se destacará a axuda financeira da Unión.

DÉCIMO CUARTA .-NULIDADE

Se calquera estipulación deste Convenio fose declarada nula ou sen efecto, en todo ou en parte, por calquera tribunal ou autoridade competente, as restantes estipulacións conservarán a súa validez, salvo que as partes, discrecionalmente, decidan a terminación do Convenio.

As partes obríganse a negociar unha nova cláusula substitutoria da anulada que, dentro dos termos axustados a Dereito, e con estrito respecto á resolución ou sentenza que declarase a nulidade, garde a maior identidade de propósito coa cláusula anulada, en canto tal finalidade non tivera sido declarada contraria ao ordenamento xurídico.

DÉCIMO QUINTA.-ADHESIÓN DE NOVAS PARTES

Durante a vixencia do presente Convenio poderanse adherir entidades locais de Galicia. A entidade local solicitante proporá as zonas nas que podería ser precisa unha mellora na cobertura de comunicacións móbiles (poboacións rurais con problemas para realizar comunicacións de voz empregando a telefonía móbil) para a súa determinación pola AMTEGA.

O procedemento de adhesión ao Convenio será o seguinte:

1. Solicitudade das entidades locais susceptibles de adherirse, co formato que se axunta como anexo I , tendo en consideración que se cumpran as seguintes premisas:

- Existencia na entidade local de zonas identificadas nas que pode ser precisa unha mellora na cobertura de comunicacións móbiles, sendo por tanto susceptibles de

ser incluídas no plan de axudas que, de ser o caso, poida establecerse mediante adenda ao presente convenio marco.

- Dispoñibilidade na entidade local de parcelas adecuadas para a execución, de ser o caso, das infraestruturas de soporte ás redes de comunicación móbil precisas.

2. Previa validación pola Amtega, directamente ou a través dunha entidade instrumental do sector público autonómico, da viabilidade das parcelas propostas, así como da súa correspondente acometida eléctrica, aquelas entidades locais nas que se levará a cabo algún proxecto de mellora de cobertura móbil ao abeiro do presente conveniodeberán formalizar a adhesión a través da sinatura dunha Addenda aotexto do Convenio co formato que oportunamente se determine (segundo o modelo do anexo II) que, en todo caso, establecerá as seguintes obrigas para a entidade local:

- Cesión de uso de ditas parcelas á Xunta de Galicia a custo cero, por un período de cando menos 15 anos, para a execución, de ser o caso, das infraestruturas de soporte ás redes de comunicación móbil precisas, condicionadas a un uso efectivo das mesmas nun prazo máximo de 3 anos dende a formalización de dita cesión.

- Dotar ditas parcelas de conexión á rede eléctrica, incluso coa execución da acometida eléctrica se é precisa, permitindo a posibilidade de contratar unha potenciaque garanta a prestación do servizo de telefonía móbil, ata un máximo de 6,9kW.Para estes efectos, a entidade local poderá solicitar, se é o caso, o financiamento previsto no último apartado da cláusula cuarta deste convenio

- Garantir a dispoñibilidade de acceso ás citadas parcelas para poder realizar adecuadamente as tarefas de instalación e explotación das infraestruturas e equipamento.

- Subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas naLei /2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno .

Nas Addendas de adhesión deberanse detallar as obrigas concretas que asume a entidade local asinante, nomeadamente, as derivadas da tipoloxía de fondos que financien as actuacións.

DÉCIMO SEXTA.-CESIÓN

Ningunha das Partes poderá ceder nin transmitir total ou parcialmente a terceiros os dereitos e obrigacións dimanantes do presente convenio, sen a previa autorización escrita do resto dos asinantes do mesmo.

As partes comparecentes en proba da súa conformidade asinan o presente convenio de colaboración para un só efecto, enSantiago de Compostela.

Pola Amtega, Mar Pereira Álvarez

Pola Fegamp, Alberto Varela Paz

ANEXO I

Solicitud de adhesión ao Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia

D./Dña., Alcalde/sa do Concello de....., actuando en nome e representación de dito Concello, por medio do presente escrito **MANIFESTO**a vontade do Concello de de adherirse ao Convenio de colaboración suscrito o de de 2019 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles norural de Galicia (en adiante CONVENIO).

ASUMO os termos establecidos no CONVENIO, en concreto, comprométoe a que, no caso de que, tras o correspondente procedemento administrativo, zonas do ámbito municipal do concello ao que represento sexan beneficiarias dun proxecto para a mellora de cobertura móbil, serían postas a disposición as seguintes parcelas para a execución das infraestruturas de soporte ás redes de comunicacións móbiles precisas para mellorar a cobertura nas zonas identificadas:

-
-
-

Así mesmo, no caso de que, tras o correspondente procedemento administrativo, zonas do ámbito municipal do concello ao que represento sexan beneficiarias dun proxecto para a mellora de cobertura móbil **COMPROMÉTOME**a formalizar a adhesión solicitada mediante a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia.

En _____, a __ de _____ de _____
O/A alcalde/sa do Concello de _____
Asdo:

ANEXO II

Addenda ao Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia

D./Dña., Alcalde/sa do Concello de....., actuando en nome e representación de dito Concello, por medio do presente escrito

e tendo en conta que zonas do ámbito municipal do concello ao que represento foron beneficiarias dun proxecto para a mellora de cobertura móbil

REITEROa vontade, manifestada mediante solicitude do ___ de ___ de ___ do Concello de de adherirse ao Convenio de colaboración suscrito o de de 2019 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia (en adiante CONVENIO).

ASUMO os termos establecidos no CONVENIO, en concreto, comprométome á posta a disposición das parcelas indicadas na solicitude para a execución das infraestruturas de soporte ás redes de comunicacións móbiles precisas para mellorar a cobertura nas zonas identificadas que a continuación se detallan:

-

-

-

ASÍ MESMO, asumo as seguintes obrigas, segundo o establecido na cláusula décimo quinta do convenio:

- Por a dispor as parcelas (terreos ou infraestruturas existentes) referidas na solicitude de adhesión para a execución, de ser o caso, das infraestruturas de soporte ás redes de comunicación móbil precisas para mellorar a cobertura nas zonas identificadas, entendendo por posta a dispor o cumprimento de todas as seguintes premisas:

o Cesión de uso de ditas parcelas á Xunta de Galicia a custo cero, por un período de cando menos 15 anos, para a execución, de ser o caso, das infraestruturas de soporte ás redes de comunicación móbil precisas, condicionadas a un uso efectivo das mesmas nun prazo máximo de 3 anos dende a formalización de dita cesión.

o Dotar ditas parcelas de conexión á rede eléctrica, incluso coa execución da acometida eléctrica se é precisa, permitindo a posibilidade de contratar unha potencia que garanta a prestación do servizo de telefonía móbil, ata un máximo de 6,9kW. Para estes efectos, a entidade local poderá solicitar, se é o caso, o financiamento previsto no último apartado da cláusula cuarta deste convenio.

o Garantir a dispoñibilidade de acceso ás citadas parcelas para poder realizar adecuadamente as tarefas de instalación e explotación das infraestruturas e equipamento.

- Adherirse, de ser o caso, á contratación centralizada prevista na cláusula cuarta do convenio para a execución de acometidas, no casode que sexa precisa a execución dunha nova acometida eléctrica para cumprir cos requirimentos indicados nos parágrafos anteriores

SERVIZO DE FOMENTO

CGG/mjl

Refª: ispac5412307203852366985.doc

Asunto: decreto

- Facilitar a consecución dos permisos de execución das infraestruturas e redes de comunicación móbil precisas para mellorar a cobertura nas zonas identificadas.

- Colaborar no financiamento das actuacións derivadas do presente convenio.

- Someterse ás actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Amtega ou a Consellería do Medio Rural, ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de

Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como os controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas parcialmente con fondos comunitarios.

- Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación, tal e como esixe o artigo 66.1.c) i) do Regulamento (UE) núm. 1305/2013.

- Proporcionar á Autoridade de xestión do PDR, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que dita autoridade delegara a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades, tal como establece o Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, establece no artigo 71 o compromiso por parte dos beneficiarios de axudas no marco das medidas de desenvolvemento rural.

- A sinatura do presente convenio pola entidade local conleva a declaración do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Acreditar que a entidade local cumpriu o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de acordo co indicado no artigo 4.1do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

ASÍ MESMO, a entidade local que resulte beneficiaria da axuda prevista no último apartado da cláusula cuarta deste convenio, asumirá as obrigas derivadas do procedemento que se estableza para a súa concesión”.

SEGUNDO.- Notifica-la presente resolución ás partes interesadas indicando que pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer :

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998 del 13 de xullo Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, modificado pola Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro), nun prazo

de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Malia o anterior, no caso de interposición por parte dunha Administración de recurso contencioso-administrativo contra outra e, con carácter previo e potestativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende a recepción da presente comunicación, poderá requirir á Alcaldía para que anule ou revogue o presente acto; requirimento que se entenderá rexeitado se non se contestara dentro do mes seguinte á súa recepción.

- De utilizarse esta vía, o prazo de DOUS MESES para interpoñer recurso contencioso-administrativo contará dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado (artigos 44.2 e 3 e 46.6 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa). De utilizarse esta vía, o prazo de DOUS MESES para interpoñer recurso contencioso-administrativo contará dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado (artigos 44.2 e 3 e 46.6 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa)".

Así mesmo déase traslado ás dependencias e os servizos municipais afectados.

TERCEIRO.- Realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cúmprase